



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

Curso 2020-2021



Índice

1.	Introdución	3
2.	Metodoloxía	3
3.	Atención á diversidade.....	3
4.	Temas transversais.....	3
4.1	Educación en valores	3
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	3
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	3
6.	Secuenciación do curso.....	3
6.1	Curso:_____	3
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	5
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	5
9.	ANEXOS.....	6
9.1	Probas de acceso 1º de grao profesional	6
9.2	Probas de acceso a outros cursos	6
9.3	Criterios para a obtención dos premios fin de grao	6

Introdución

A asignatura de Música Tradicional é unha optativa do currículo de 6º GP, que trata de ofrecer o alumnado unha formación básica nas pautas de recoñecemento dos principais recursos e patróns das músicas de raíz, folk, e tamén un acercamento as músicas actuais de estilo moderno, que tenden igualmente a tornarse tradición (pop, rock, etc.). Dota o alumnado de ideas, estratexias e solucións para asimilar, modificar e arranxar melodías e pezas, e desenrolar a súa capacidade de traballar “de ouvido”, improvisar basicamente fora da partitura, e crear patróns armónico-rítmicos para todo tipo de pezas e melodías naturais.

Metodoloxía

A maneira de ensinar e aprender na aula e a traves do traballo grupal.

Ensinaríanse sempre algunhas pautas teóricas que serán inmediatamente levadas á práctica instrumental e vocalmente polo alumnado.

O debate e a posta en común serán igualmente importantes, sobre todo a partir da 2ª e 3ª avaliación, adicada principalmente ao arranxo e confección de temas.

Un ludismo e amor pola música, así como unha oportunidade de relaxar ás esixencias propias da estrutura académica serán tamen importantes, dado que tamén se pretende que o alumnado gañeen frescura e motivación nun plano mais xeral.

Atención á diversidade

Temas transversais

1.1 Educación en valores

1.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

-Realizaráse como mínimo unha audición ao final de curso con tódolos temas e arranxos dos grupos confeccionados. Si a produción de material e moi extensa poderáse igualmente audicionar ao final da 2ª avaliación.

-A asignatura igualmente e propensa a poder ofrecer agrupacións para actos no día das letras galegas ou para algun acto de intercambio ou de centro que requira dalgunha actuación de grupos pequenos e de fácil mobilidade.

Secuenciación do curso

1.3 Curso: 6ºGP

1.3.1 Obxectivos

Coñecer, recoñecer e aplicar as pautas básicas de ornamentación típicas da música popular Galega, do ámbito Celta, e tamén das músicas de raíz centroeuropeas.

Coñecer e recoñecer patróns rítmicos abituais da música de raíz e tamén en estruturas típicas de acompañamento.

Aprender as principais estratexias e recursos da improvisación libre ou sobre unha base armónica convencional.

Dominar as principais estratexias que definen e caracterizan un bo arranxo dunha peza musical.

Conseguir arranxar ou crear temas en pequenos grupos, facendo versións de temas de autor ou creando temas propios.

Fomentar o recurso de tocar de ouvido.

1.3.2 Contidos

- Clases de adornos, secuenciación e a súa práctica mediante escalas e modelos simples.
- Ornamentación dunha peza limpa.
- Practicar patróns rítmicos regulares e irregulares coas máximas variantes posibles. Descompoñer ritmos irregulares en partes máis pequenas binarias e ternarias, combinalas e crear patróns de acompañamento con elas.
- Crear irregularidades rítmicas en ritmos regulares de 12/8 incluíndo por exemplo 5/8 + 7/8.

- Sacar de ouvido algunha peza ou grabación.
- Improvisar sobre secuencias básicas de acordes, como por exemplo I – IV – V – I
- Usar as tensións como notas de paso, y recoñecer e utilizar voluntariamente ditas tensións.
- Improvisar libremente sen ataduras cos compañeiros, recoñecer os modelos que surxen espontaneamente e derivar improvisacións de eles.
- escoitar e analizar unha peza de calidade en grupo para recoñecer as virtudes que fan dela un bo arranxo.
- Confeccionar pequenos grupos e iniciar e apoiar unha dinámica de ensaios semanais destinados a creación e arranxo de pezas

1.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- O grao de fluidez coa que se incorporan adornos.
- A soltura coa que se manexan determinados patróns rítmicos, tanto melódicamente como acompañando.
- A fluidez e creatividade facendo unha improvisación con acordes básicos ou unha improvisación libre.
- A intuición mostrada para recoñecer as virtudes e características dun arranxo.
- A capacidade de aportar ao grupo nos arranxos e o maior ou menor nivel de participación.

Mínimos esixibles

1ª Avaliación:

- Ornamentación dunha melodía tradicional.
- Creación dun patrón rítmico de acompañamento nun compás irregular e nun compás regular.
- Improvisación de entre 1 e 2 minutos sobre un esquema armónico simple.
- Improvisación libre de 1 minuto.

2ª e 3ª Avaliacións:

- Arranxo e defensa dun tema musical de como mínimo 3 minutos por avaliación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Revisión ao inicio da clase da tarefa proposta na semana anterior.
- Pequenas probas de control no desenvolvemento da clase para comprobar a asimilación dos contidos.
- Audicións internas dos grupos para valorar os arranxos en común. Asistencia os seus ensaios para valorar a implicación e aportes individuais ao grupo.

Critérios de cualificación

1ª AVALIACIÓN

CRITERIO	%
USO DA ORNAMENTACIÓN	15
CREACIÓN E RECOÑECIMENTO DE PATRONS RÍTMICOS	15
IMPROVISACIÓN	30
NIVEL DE PARTICIPACIÓN NA CLASE	20
COMPORTAMENTO	20

2ª e 3ª AVALIACIÓN

CRITERIO	%
BELEZA E RESULTADO DO ARRANXO GRUPAL	30
APORTACIÓN INDIVIDUAL AO ARRANXO	30
COMPORTAMENTO E ACTITUDE NO GRUPO E NOS ENSAIOS	40

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

1.3.4 Medidas de recuperación

- Habilitárase algún horario de acordo co profesor para ensinar ou avaliar algún dos contidos que o alumno non teña acadado ou asistido.
- O alumno pode alternar a súa asistencia a algún dos grupos para recuperar a clase perdida.
- Os grupos poden quedar fora do horario da asignatura para realizar ensaios e substituír así a clase perdida.

Procedementos de recuperación ordinarios

Ao final de cada avaliación ó alumno terá a oportunidade de demostrar si acadou os mínimos esixibles cunha proba de rendimento si non lle foi posible demostralo nalgunha sesión.

Se perdeu avaliación continua pode presentarse na derradeira semana de curso a unha proba de rendimento onde demostre ter acadado todos os mínimos esixibles das tres avaliacións.

Probas extraordinarias de setembro

- Tódolos mínimos esixibles das tres avaliacións.

1.3.5 Recursos didácticos

- Libros de pezas galegas, celtas e centroeuropeas (“Cancioneiro deCasto Sampedro” , “Os segredos da gaita” (X.L.Foxo), etc.....)
- Manuais básicos de ornamentación e improvisación.

Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Poderánse realizar adaptacións curriculares en base a necesidades especiais do alumnado ou cambios imprevistos nas súas condicións físicas, estatus laboral, etc...

Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os compañeiros do departamento poden asistir a algunha clase ou audición e comprobar ou opinar acerca de si se están cumprindo os obxectivos ou si se están aplicando a metodoloxía ou procedementos de avaliación.

ANEXOS

1.4 Probas de acceso 1º de grao profesional

Contidos

Criterios de avaliación e cualificación

1.5 Probas de acceso a outros cursos

Contidos

Criterios de avaliación e cualificación

1.6 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

- Mostrar unha aplicación de recursos melódico – rítmicos por encima da media, e con total fluidez e comodidade.
- Aposar unha capacidade natural e virtuosa improvisando e tocando de ouvido.
- Ter participado e aportado con xenialidade na confección e desenvolvemento de arranxos.

7. Anexo para o desenvolvemento da ensinanza e adaptación da Programación Didáctica para o curso 2020-2021 debida situación de pandemia por causa do Covid-19.

En aplicación das instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021, a partir da Orde EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia, así como as sucesivas modificacións, establécense as seguintes directrices para a súa concreción nesta programación:

9.1. Avaliación inicial

A avaliación inicial, tanto no caso de actividade lectiva presencial como non presencial, empregárase para observar e analizar se existen aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a situación emocional do alumno, para poder mellorar e actuar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe de maneira personalizada e comezar a traballar a partir de estas aprendizaxes non adquiridas. A avaliación inicial, así como o Plan de Reforzo para os alumnos que o necesiten, quedará reflectida na primeira reunión de departamento, tras o inicio da actividade lectiva, no apartado de seguimento da programación. Este apartado neste materia que é a primeira vez que se imparte nos seus estudos non se fará como no resto das materias que teñen continuidade académica.

9.2. O Plan de Reforzo

O Plan de Reforzo para o alumnado de Música tradicional Galega non se contempla, pois este é o primeiro ano que teñen que cursar esta materia. No caso de ter que pasar nalgún momento a ensinanza non presencial durante o curso 2020-2021, este plan de reforzo servirá para avanzar no proceso de ensinanza-aprendizaxe e acadar os obxectivos e contidos do curso. Con este fin, unha vez detectadas as necesidades, o profesorado elaborará actividades, fomentando o emprego das novas tecnoloxías:

a) Liña de actuación a través da bibliografía: Empregaranse os medios dixitais para fomentar a capacidade analítica e de autonomía no traballo. As actividades propostas xirarán en torno á realización de traballos. Estas actividades estarán guiadas polo profesor a través da aula virtual ou dos medios que se consideren necesarios, plasmándose en traballos escritos por parte do alumno.

b) Liña de actuación a través da práctica: Para mellorar aspectos prácticos concretos da materia, o profesor elaborará e recopilará diferentes exercicios propios da materia

9. 3. Actividade lectiva non presencial

Se a actividade lectiva pasase a non presencial para algún alumno, o seguimento do alumno e as clases realizaranse a través da aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e FP e a plataforma de CentrosNet do centro, así como aplicacións para a realización de videoclases ou envío e recepción de materiais, no caso de ser necesarias estas últimas. As aplicacións empregadas serán:

- Whatsapp
- Zoom
- Moodle
- Hangouts
- Google Meet
- Skype
- FaceTime
- Drive
- Correos electrónicos para o envío e recepción de tarefas
- Chamadas telefónicas para a resolución de dúbidas concretas.

Empregaranse calquera ferramenta que se considere necesaria para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumno e a comunicación fluída co profesor, na medida das posibilidades do mesmo.



As clases non presenciais realizaranse, na medida do posible, durante o horario lectivo asignado para cada alumno.

O profesorado poderá adaptar os contidos e obxetivos relativos ao traballo en grupo empregando os medios dixitais, ou se non o considerase adecuado, eliminar este apartado durante o curso 2020-2021, dado que non haberá clases colectivas.

9.4. A avaliación

A avaliación, no caso de semi-presencialidade ou non presencialidade realizarase mediante as ferramentas antes mencionadas:

- Os criterios de avaliación, mínimos esixibles e criterios de cualificación serán os mesmos que figuran para o curso.